

Tema 16: EXPRESIÓN DA INFORMACIÓN XENÉTICA

Natureza química do material xenético

- EXPERIMENTO DE F. GRIFFITH E PRINCIPIO DO FACTOR TRANSFORMANTE:

Demostrou que as bacterias poden transferir moléculas portadoras de información xenética a outras.

Fixo un experimento con dous cepas de bacterias: a cepa S (virulenta) e a cepa R (inocua). Se iuxectaba a un rato bacterias S, este morría; se iuxectaba bacterias R ou S mortas, o rato vivía; se iuxectaba unha mestura de bacterias R vivas e S mortas, o rato morría e o seu sangue presentaba grandes cantidades de bacterias S vivas.

Chegou á conclusión de que unha transformación (oxixuada polo factor transformante), fixera que unha substancia das bacterias S pasase á R.

Durante décadas, os científicos pensaron que as moléculas portadoras da información xenética eran as proteínas, pero foron Gowald T. Avery, Colin M. Macleod e Maclyn McCarty (e, posteriormente, Alfred D. Hershey e Marietta Chase) os que demostraron que o axente transformante era o ADN.

□ Relación entre xenotipos e fenotipo


Na década dos 40, G. Beadle e E. Tatum demonstraron que existía relación entre os xenes e as enzimas, e formularon a hipótese un xene - unha enzima: a función dun xene é controlar a produción dunha enzima.

Posteriormente, a hipótese foi modificada: ainda que todas as enzimas son proteínas, non todas as proteínas son enzimas (un xene - unha proteína); e moitas proteínas constan de dúas ou máis cadeas polipeptídicas (un xene - un polipéptido).

Os xenes son secuencias de ADN necesarias para sintetizar ARN ou polipéptidos.

□ Fluxo da información xenética

F. Crick postulou o dogma central da biología molecular:



A información xenética flúe do ADN ao ARN e dende ao polipéptido. A expresión da información xenética dos xenes tévese a cabo mediante transcripción e tradución.

A información de moitos xenes non se utiliza para a síntese de polipéptidos, senón que os produtores da súa transcripción son ác. ribonucleicos que non son traducidos: ARNr ou ARNt.

A reversotranscripción é a síntese de ADN a partir de ARN, catalizada por reversotranscritases dos retrovirios.

□ Transcrição

É a síntese de ARN mediante a polimerização de ribonucleotídos que formam uma sequência complementar à dupla das cadeias de ADN.

Para que se produza a transcrição necessitam:

- ADN como molde
- ATP, GTP, CTP e UTP
- Enzimas ARN polimerase

As febras de ARN sempre se sintetizam na direção $5' \rightarrow 3'$, complementarias à cadeia $3' \rightarrow 5'$ de ADN.

● ARN POLIMERASES

Realizam a transcrição de todos os tipos de ARN. Reconhecem os nucleotídos e catalisam a formação dos enlaces fosfodiéster para formar a cadeia de ARN.

● ETAPAS

1) Iniciação: a ARN polimerase une-se à dobra helical de ADN numa sequência específica (promotor), que contém uns nucleotídos que indicam o ponto de inicio da síntese de ARN.

O promotor adveja um ponto de união para a ARN polimerase e marca qual das 2 cadeias de ADN se utilizará como patrón.

2) Elongação: tras unir-se ao promotor, a ARN polimerase abre a dobra helical e separa as cadeias dum traço curto, preto de 14 bases (burbulla de transcrição). A burbulla desprazase ao longo da cadeia molde de ADN no sentido $3' \rightarrow 5'$, engadiendo a ARN polimerase os ribonucleotídos até que reconhece um sinal de finalização.

3) A ARN polimerase reconhece secuencias de terminação na cadeia molde de ADN, desliga-se e libera o ARN transcrito (nas eucariotas é um precursor).

• EN CÉLULAS PROCARIOTAS

Posúen só un tipo de ARN polimerase, o recoñecemento do promotor pola ARN polimerase depende dunha subunidade da enzima (factor b), os xenes son continuos, a ARN polimerase sintetiza un ARN transcrito primario que é xa un ARNm maduro e pódese utilizar directamente para a tradución, os ARNm conteñen a información de máis de un xene (policistrónicos) e a medida que se sintetiza ARNm un ribosoma pode adherirse ao extremo 5' e sintetizar unha cadea polipeptídica.

• EN CÉLULAS EUCAΡΙOTAS

Posúen 3 tipos de ARN polimerase, o recoñecemento do promotor pola ARN polimerase depende dun conxunto de proteínas (complexo de preiniciación), os xenes son descontinuos ou fragmentados (a secuencia que codifica a cadea polipeptídica está interrompida por secuencias non codificantes chamadas intróns; as codificantes son os exóns), a ARN polimerase II sintetiza un precursor de ARNm con intróns e exóns (transcrito primario) e que debe sufrir unha maduración para formar ARNm maduro (modificación do extremo 5' coa adición de metilguanosina, adición de máis de 100 nucleótidos de adenina no extremo 3' e eliminación de intróns), os ARNm conteñen a información dun só xene (monocistrónicos), a transcripción ocorre no núcleo e o ARNm debe exportarse ao citoplasma para ser traducido.

• CARACTERÍSTICAS DA TRANSCRICIÓN

- É selectiva: só se transcriben fragmentos de ADN con información xenética.
- É monocatenaria: só se transcribe a cadea de ADN $3' \rightarrow 5'$.
- É reiterativa: un xene pode ser transcrito simultaneamente por varias ARN polimerases.

□ Códigos xenéticos

É o conxunto de regras que determina a correspondencia entre a secuencia de nucleótidos do ARNm e a secuencia de aminoácidos dunha proteína.

George Gamow decidiu que os codóns, que codificaban os aminoácidos, eran tripletes de nucleótidos: $4 \text{ (bases)}^3 > 20 \text{ aminoácidos}$.

* CARACTERÍSTICAS DO CÓDIGO XENÉTICO:

- É deseñalado: a maior parte dos aminoácidos están codificados por máis dun codón.
- Non é ambíguo: ningún triplete codifica máis dun aminoácido.
- Está en clave de ARNm.
- Hai 3 codóns de terminación: UAA, UAG e UGA.
- O codón AUG (Met) é o codón de iniciación.
- Os codóns que especifican un aminoácido comparten xeralmente os dous primeiros nucleótidos.
- É universal; só se atoparon excepcións en codóns de fungos e protistas.

□ Tradución


É o proceso no que a información xenética contida no ARNm específica a síntese dunha proteína.

Son necesarios:

- ARNt: relaciona cada aminoácido co codón apropiado do ARNm.
- ARNm: transporta a información xenética transcrita desde o ADN en forma de codóns.
- ARNr (e, en consecuencia, ribosomas): forma os ribosomas, onde se sintetiza a proteína.
- Enzimas de activación: une o aminoácido ao seu ARNt determinado.
- factores proteicos: axudan á tradución do ARNm.

• FASES:

1) Activación de aminoácidos: o aminoácido une ao seu ARNt específico, grazas ao catalizador aminoacil-ARNt-sintetasa:



2) Iniciación da tradución: o ARNm co seu primeiro codón AUG une ao ribosoma. Asociase o aa.-ARNt co seu anticodón UAC, que trae o aminoácido metionina. A elas asocianse a subunidade maior, formándose o complexo ribosomal.


3) Elongación: O complexo ribosomal ten un centro A (aceptor de novos aminoácidos) e o centro P (centro peptídil, onde se sitúa o primeiro aminoacil-ARNt). O AUG e o seu aa.-ARNt están en P e o

segundo triplete co seu aa.-ARNt en centro A. O proximo aminoácido unease ao segundo en A, o centro P queda libre e o A con dipeptidil-ARNt. O ARNt seba abandona o ribosoma e o centro P é agora ocupado polo dipeptidil-ARNt, mentres o A é ocupado por un novo aa.-ARNt. O dipeptidil unease ao novo aminoácido de xeito que en P queda un ARNt que saíra do ribosoma e en A formase un tripeptidil-ARNt que irá ao centro P. Este proceso sucede inintemupidamente axudado polos factores de elongación.


4) Terminación: no P existirá un polipeptidil-ARNt e no A un novo codón. O proceso termina cando o novo codón de A é un dos tres tripletes de stop.

O proceso é catalizado polos factores de terminación. Un ARNm pode ser traducido por varios ribosomas un debaixo doutro (poliribosoma).


1) Activación de aminoácidos:




2) Iniciación da tradución:



3) Elongación:



4) Terminación:



□ Replicación / duplicación do ADN

É un proceso que permite confer ás células filhas a mesma información xenética que a vai. A partir dunha molécula de ADN obtéñense 2 moléculas filhas idénticas á molécula orixinal.

É semiconservativa porque cada unha das dúas filhas conserva unha das febras da orixinal, pero a outra é sintetizada de novo, segundo Messelson e Stahl.

• ENZIMAS IMPLICADAS

- Helicasas: desenrolamento da dobre hélice mediante ruptura de pontes de H.
- Topoisomerasas: xiran as moléculas de ADN segundo se van replicando.
- ARN-polimerasa: une nucleótidos de ARN en dirección $5' \rightarrow 3'$.
- ADN-polimerasa: une nucleótidos de ADN en dirección $5' \rightarrow 3'$ (papel autocorrector).
- Ribonuclease: elimina nucleótidos de ARN.
- ADN-ligasa: une fragmentos de ADN xa sintetizados.
- Proteínas SSB: estabilizan o ADN monocatenario mentres que se completa a replicación.

• MECANISMO

Proposto por Watson e Crick:

- 1) Separase as dúas cadeas rompendose as pontes de H e deixando libres as bases; cada febra orixinal serve de patrón para a síntese da súa complementaria.
- 2) Os desoxirribonucleótidos atópanse osíos e vaise enlaizando mediante a unión das bases nitrogenadas, con ADN-polimerasa como catalizador. Para que a ADN-polimerasa poida incorporar o primeiro nucleótido é necesario que actúe un


cebador (fragmento de ARN chamado primer, sintetizado pela ARN-polimerase primasa).

3) Cada vez replicada a febra filha, degrada-se o ARN-primer, quedando formada a molécula de ADN.


As 2 cadeias de ADN são antiparalelas. A ADN-polimerase só engade nucleotídos em direção $5' \rightarrow 3'$, pelo que este mecanismo só explica a síntese dumha cadea. A replicação da outra explica-se Okazaki, propõendo que a cadea duplican-se de forma descontínua por fragmentos de Okazaki (50 nucleotídos de ARN e 1000 - 2000 de ADN)

SEN A TEÓRIA DE

OKAZAKI:



SEGUNDO OKAZAKI:



- CARACTERÍSTICAS DA REPLICACAO

- Demersativa

- Descontinua: sintetizada a fragmentos

- Bidirecional: 2 horquillas de replicação

- Multifocal: existem vários "óculos" de replicação simultâneos.

• MECANISMOS DE CORRECCIÓN

- Autocorrección da ADN-polimerase: a medida que se replica a cadea.
- Corrección postreplicativa: realizada por enzimas que tenuivar a replicación.

• IMPORTANCIA BIOLÓXICA

A reprodución ten por obxecto producir organismos idénticos ós proxeutores. A replicación do ADN fai que a información xenética dunha célula vaya pasando fielmente ás células filhas.

Técnica PCR

A técnica da PCR (Polymerase Chain Reaction) é a replicación de ADN in vitro, que permite facilmente e de maneira rápida facer millóns de copias de ADN. Quántase a molécula para desnaturalizala e separar as cadeas; despois, cópiase cada una delas pola ADN-polimerase, que engade nucleotídos.


□ Regulación da expresión xenética

Todos os tipos celulares dun organismo pluricelular ponen a mesma información xenética. As diferenças estruturais entre eles debeuse a que cada célula expresa únicamente os xenes que necesita para realizar as súas funcións.

• PROKARIOTAS

As bacterias regulan a expresión de muitos dos seus xenes en función das fuentes de alimento disponibles, a través de mecanismos que actúan durante a transcripción.

Os xenes que codifican as enzimas implicadas nunha vía metabólica dispóñense xuntos no cromosoma bacteriano e forman un complexo funcional chamado operón, descrito por François Jacob e Jacques Monod.




- xenes estruturais: codifican as enzimas.
- promotor: sitio do ADN onde se une a ARN polimerase para comenzar a transcripción.
- operador: rexión do ADN (análoga ao promotor) onde se une unha proteína que actúa como represor.
- xene regulador: codifica o represor.

* TIPOS DE OPERÓNS:


- Inducibles: inactivos ata que son activados por un indutor.
- Reprimibles: activos ata que son inactivados por un corepressor.

* OPERÓN INDUCIBLE: OPERÓN LAC:

Cando a lactosa non está presente sintetízase o represor, que se une ao operador. Desactivase a transcripción do operón lac.



Cando a lactosa está presente, inactivase o represor, pero a alolactosa unease a el e inactiva, evitando que este se une ao operador. Activase a transcripción do operador lac.



• EUCARIOTAS

O control da expresión xénica é moi máis complexo, polos seguintes motivos:

- Maior cantidade de información xenética.
- Información xenética repartida en varias moléculas de ADN.
- ADN asociado a proteínas.
- Separación física entre a transcripción e a tradución.
- Os transcritos primarios procesáense antes de ser transportados e traducidos.
- O ARNm é máis estable, polo que hai moitos controis de tradución.

A regulación da expresión xénica en eucariotas exercece mediante mecanismos durante e depois da transcripción.

■ Preguntas importantes:

- 1 - Saber os científicos que demostraron que o ADN é portador da información xenética.
- 2 - Fluxo da información xenética nos seres vivos.
- 3 - Concepto de Xue ao longo da historia.
- 4 - Replicación: características, enzimas, proceso e técnica PCR.
- 5 - Transcripción: definición, enzimas, características, etapas, concepto de reversotranscripción.
- 6 - Traducción: definición, mecanismo, función da aminoacil-ARNt-sintetasa, papel dos distintos tipos de ARN.
- 7 - Conceptos de codón e anticodón.
- 8 - Características do código xenético e utilizar o código xenético para pasar aminoácidos a ADN e viceversa.
- 9 - Regulación da expresión xenética: operón lac, características de eucariotas e regulación hormonal.